

DEPARTAMENTO DE MÚSICA
PROGRAMACIÓNS 1º e 2º DE BACHARELATO:
ANÁLISE MUSICAL I e II
CURSO 2021-2022



ÍNDICE

Introdución e contextualización.....	4
1. Análise Musical I	
1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
1.2. Concreción dos obxectivos.....	13
1.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	14
a) Temporalización	
b) Grao mínimo de consecución para superar a materia	
c) Procedementos e instrumentos	
1.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia	16
1.5. Materiais e recursos didácticos	17
1.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	17
1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente	19
1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
1.9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en Análise Musical I e II	20
1.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	20
1.11. Medidas de atención á diversidade	20
1.12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso de 1º e 2º de bacharelato	21
1.13. Actividades complementarias e extraescolares	21
1.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	21

2. Análise Musical II

2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	21
2.2. Concreción dos obxectivos.....	30
2.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: ..	31
Temporalización	
Grao mínimo de consecución para superar a materia	
Procedementos e instrumentos	
2.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia	35
2.5. Materiais e recursos didácticos	35
2.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	36
2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente	36
2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	36
2.9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en Análise Musical I e II	37
2.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	37
2.11. Medidas de atención á diversidade	38
2.12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso de 1º e 2º de bacharelato	38
2.13. Actividades complementarias e extraescolares	38
2.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	38

3. Medidas educativas no contexto da COVID 19

39

Introdución e contextualización.

Análise Musical permite entender a música en toda a súa dimensión e poder gozar dela en profundidade. Entre as súas finalidades está comprender por que unha obra musical foi composta dun determinado xeito e non doutro, que motivou a quen a compuxo para a levar a cabo e que forma lle deu, tendo en conta as características estilísticas e históricas que a fixeron ser como é.

Os elementos de Análise Musical forman parte da educación musical do alumnado desde os seus inicios, pois a través da escoita e o recoñecemento de pequenos fragmentos se aprende a comprender as estruturas básicas das obras musicais. Desde este punto de vista, no bacharelato corresponde afondar nas características das obras a partir do coñecemento dos elementos e dos procedementos básicos da música, abordando a comprensión da música e da obra en si: coñecer e recoñecer a organización da linguaxe utilizada (elementos e procedementos) e as características sonoras que nos permiten encadrar esa obra nun contexto histórico (harmonía, melodía, ritmo, timbres, cadencias, forma, etc.).

A análise formal debe ser o primeiro achegamento á Análise Musical. A través dela preténdese afondar nas diferentes estruturas que os/as compositores/as utilizaron ao longo da historia e que, en moitos casos, deron orixe ás denominadas formas-tipo ou formas históricas. Un dos aspectos analíticos máis importantes é, precisamente, a comprensión dos elementos que constitúen a forma musical, a súa evolución e o xeito en que foron buscadas ao longo da historia, tratando de que a estrutura das obras favoreza a comunicación co público.

Como pasa con todas as disciplinas artísticas, o estudo da Análise Musical mellora as capacidades do alumnado que a cursa, potenciando a súa creatividade e a súa capacidade de tomar decisións de maneira global despois dun proceso analítico, desenvolvendo áreas de pensamento diferentes ás puramente racionais, e mellorando a expresión e a comunicación a todos os niveis. Análise Musical, en concreto, contribúe a desenvolver destrezas e capacidades esenciais para a comprensión e o goce da música e da arte en xeral: mellora o oído interno, a atención, a concentración, a memoria, a curiosidade e a capacidade de relacionar, e é fonte dun fondo coñecemento da música, xa que supón un contacto directo cos procesos compositivos e creativos dos autores e das autoras.

O alumnado deberá comprender illadamente cada parámetro musical (rítmico, harmónico, melódico, formal, textural, etc.) e, a partir desas análises parciais, ter en conta todos os elementos analizables e relacionalos para entender como debe soar a música e por que, cales son os procedementos que utiliza o/a autor/a e que sensación nos provoca como oíntes, que dirección toma a música en cada momento, que tipo de xogo establece o/a compositor/a coas persoas que escoitan e como debe recrearse a interpretación. Partindo, pois, da dimensión auditiva da análise, débese traballar coa partitura como apoio da audición; é dicir, preténdese afondar na percepción sonora das obras e, se se desexa, observar como se reflicte na partitura, sen que esta sexa un elemento indispensable.

A materia Análise Musical desenvólvese nos dous cursos do bacharelato e o seu ensino debe comezarse tendo en conta o grao de adquisición de competencias que o alumnado logrou ao longo da educación secundaria obrigatoria (ESO) na materia de Música.

A organización de contidos da materia presenta un primeiro curso, **Análise Musical I**, máis xeralista que permite adquirir unha formación básica para coñecer o material do que

se serve o compositor para realizar o seu labor creativo, tanto para entender as estruturas musicais como para dominar os elementos e procedementos musicais citados anteriormente, aprendendo a utilizar as ferramentas necesarias para comprender a obra musical en profundidade, con independencia de cal sexa o seu estilo ou xénero. Sen esquecer que neste primeiro curso constrúense os cimentos para elaborar comentarios críticos partindo da análise técnica, para utilizar a terminoloxía específica de forma adecuada e para realizar traballos de investigación sobre calquera aspecto que inflúa no feito compositivo.

No segundo curso, **Análise Musical II**, afóndase na análise das formas e o característico de cada estilo, basicamente da tradición da música occidental, incorporándose referencias da música popular, o jazz e outras músicas urbanas, así como da música de culturas non occidentais, pola grande achega que realizaron á música occidental, sobre todo a partir do século XX. Así, a súa estrutura xira arredor de once bloques: "Común", "A música medieval", "O Renacemento", "O Barroco", "O Estilo Galante e o Clasicismo", "O Romanticismo", "O Posromanticismo e os nacionalismos", "O Impresionismo", "A música do século XX", "O jazz, a música urbana (pop e rock) e o flamenco" e "As músicas non occidentais".

1. Análise Musical I

1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As principais competencias que se desprenden do currículo oficial refírense aos seguintes aspectos presentes nos materiais didácticos:

a) Competencia en comunicación lingüística

A música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal, e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

O uso de distintos tipos de notación musical: partituras e musicogramas, axudan a unha mellor comprensión da linguaxe oral e escrita en múltiples contextos e usos.

Tamén é fundamental a comprensión dos textos que explican cada elemento e da relación da música con outras áreas do saber e a comprensión das ordes instructivas que se enuncian nas actividades.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A música contribúe ao:

- Desenvolvemento do pensamento matemático a través da práctica dos conceptos matemáticos intrínsecos da teoría musical.
- Potenciación de procesos de pensamento como a dedución de proporcións rítmicas e a xeometría da forma musical.
- Potenciación da indución a través da audición activa.
- Mellora da calidade do medio ambiente:
Reflexión sobre o ruído, a contaminación sonora no uso cotián da música e o ruído que se xera ao ensaiala. Necesidade de xerar hábitos saudables.
- Prevención de problemas de saúde a través dos contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio.

c) Competencia dixital

O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do «hardware» e o «software» musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

d) Competencia para aprender a aprender

A música tamén contribúe ao desenvolvemento desta competencia, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e «apropiarse» da mesma. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren de toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos propios procesos. En todos estes casos, é necesaria unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos desde a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

e) Competencias sociais e cívicas

A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

Toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso a valoración dos demais e os trazos da sociedade en que se vive.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Potenciación do traballo colaborativo e a habilidade para planificar e gestionar proxectos. A interpretación, a improvisación e a composición son claros exemplos de actividades que requiren unha planificación previa e adopción de decisións para obter os resultados desexados.

Desenvolvemento a través de actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical de capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima (factores crave para a adquisición desta competencia).

Composición, interpretación e avaliación de proxectos musicais individuais ou colectivos como medio de fomentar a confianza, a creatividade, a responsabilidade e o sentido crítico.

Planificación previa e de tomaa de decisións para obter os resultados desexados nos

ámbitos da interpretación.

Valoración da innovación en música e da importancia da imaxinación para crear.

Recoñecemento e aceptación do propio talento musical buscando recursos para potenciarlo.

Capacitación para gestionar o risco que comporta a interpretación en público e manexar a incerteza.

Potenciación das calidades de liderado para dirixir un grupo musical e capacidade para traballar individualmente e en equipo.

g) Conciencia e expresións culturais

Capacidade de comprender o medio artístico musical a partir da propia experimentación.

Sentirse músico para entender o contexto que rodea a quen practican esta actividade.

Apreciación e avaliación das manifestacións culturais e musicais a través da audición e actividades de expresión e comunicación con músicas con diferentes culturas, épocas e estilos.

Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto de as manifestacións musicais a través do uso dos elementos da música nas composicións.

Adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a composición tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade.

Comprensión do feito musical e consideración do mesmo como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto de as manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.

RÚBRICAS ANÁLISE MUSICAL I.

Criterio B1.1. Recoñecer e explicar cunha terminoloxía adecuada os elementos que interveñen na estrutura dunha obra musical en diferentes agrupacións vocais e instrumentais.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender o modo en que está construída unha obra e as diferentes seccións e partes das que consta, así como entender a relación existente entre a estrutura e os distintos elementos e procedementos compositivos utilizados. Así mesmo, trátase de comprobar si os alumnos e alumnas recoñecen as diferentes formas tipo ou formas históricas, ou, no seu caso, o grado de analoxía que garda a obra ou fragmento analizado con algunha delas, empregando na súa exposición unha linguaxe concreta.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4:** Recoñece, con moita dificultade, a forma (a gran escala, media escala e pequena escala) dunha obra ou fragmento musical sinxelo, a partir da súa audición, traballada anteriormente en clase, con ou sen partitura; describe, a grandes liñas, de forma confusa e con terminoloxía básica, os distintos elementos e procedementos compositivos utilizados para estruturar o discurso musical.

- **Cualificación 5-6:** Recoñece, con algunha dificultade, a forma (a gran escala, media escala e pequena escala) dunha obra ou fragmento musical sinxelo, a partir da súa audición, traballada anteriormente en clase, con ou sen partitura; describe, a grandes liñas, de forma clara e con terminoloxía precisa, os distintos elementos e procedementos compositivos utilizados para estruturar o discurso musical e determina, con algunhas imprecisións, usando material de apoio (musicogramas ou esquemas de formas tipo) , o grado de analoxía que garda coas diferentes formas tipo.
- **Cualificación 7-8:** Recoñece, fácilmente, a forma (a gran escala, media escala e pequena escala) dunha obra ou fragmento musical sinxelo, a partir da súa audición, traballada anteriormente en clase, con ou sen partitura; describe, de forma clara, con certa profundidade e con terminoloxía precisa, os distintos elementos e procedementos compositivos utilizados para estruturar o discurso musical e determina, con precisión, usando material de apoio (musicogramas ou esquemas de formas tipo) o grado de analoxía que garda coas diferentes formas tipo.
- **Cualificación 9-10:** Recoñece, fácilmente, a forma (a gran escala, media escala e pequena escala) dunha obra ou fragmento musical de certa complexidade, a partir da súa audición, traballada anteriormente en clase, con ou sen partitura; describe, de forma clara, detallada e con terminoloxía precisa, os distintos elementos e procedementos compositivos utilizados para estruturar o discurso musical e determina, con precisión e autonomía, o grado de analoxía que garda coas diferentes formas tipo.

Criterio B1.2. Distinguir as voces e/ou os instrumentos na audición dunha obra de calquera estilo.

Con este criterio poderase verificar a capacidade do alumnado para identificar o timbre dos diferentes instrumentos e voces, calquera que sexa a súa combinación.

Preténdese constatar, de igual modo, a súa capacidade de recoñecer a familia instrumental á que pertence e, no seu caso, o tipo ou os tipos de voces que interveñen. É aconsellable na comprobación do criterio a realización de exercicios de educación auditiva que, partindo de exemplos sinxelos (instrumentos e voces individuais), vaian gañando en complexidade (dúos, tríos, cuartetos, conxuntos, etc.).

Competencia básica do criterio:

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4: Distingue auditivamente, con moita dificultade,** o timbre dos diferentes instrumentos e voces, calquera que sexa a súa combinación, en obras de textura clara, recoñecendo con algúns erros a familia instrumental á que pertencen e, no seu caso, o tipo ou tipos de voces que interveñen.
- **Cualificación 5-6: Distingue auditivamente, con algunha dificultade,** o timbre dos diferentes instrumentos e voces, calquera que sexa a súa combinación, en obras de textura clara, recoñecendo correctamente a familia instrumental á que pertencen e, no seu caso, o tipo ou tipos de voces que interveñen.
- **Cualificación 7-8: Distingue auditivamente, con facilidade,** o timbre dos diferentes instrumentos e voces, calquera que sexa a súa combinación, en obras de textura clara, recoñecendo con precisión a familia instrumental á que pertencen e,

no seu caso,o tipo ou tipos de voces que interveñen.

- **Cualificación 9-10: Distingue auditivamente, con facilidade**, o timbre dos diferentes instrumentos e voces,calquera que sexa a súa combinación, en obras de textura complexa, recoñecendo con precisión a familia instrumental á que pertencen e, no seu caso,o tipo ou tipos de voces que interveñen.

Criterio B1.3. Recoñecer a textura dunha obra ou dun fragmento escoitado, e explicar as súas características dun modo claro e conciso, utilizando ou non a partitura.

A aplicación do criterio permitirá constatar no alumnado o nivel de percepción da música, a escoita dos diversos planos sonoros e o coñecemento dos diferentes tipos de textura existentes, así como a distinta utilización destas dependendo das necesidades expresivas e compositivas requiridas en cada momento. É importante a verificación do enriquecemento gradual dun vocabulario analítico/musical de maneira que os alumnos e alumnas se familiaricen co uso dunha terminoloxía adecuada.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4: Identifica** auditivamente,**con dificultade** aínda coa axuda dunha partitura, os distintos planos sonoros dunha obra ou fragmento, e relaciónaos con erros cos diferentes tipos de textura existentes,explicando as súas características dun modo confuso, facendo uso dunha terminoloxía pobre e imprecisa.
- **Cualificación 5-6: Identifica** auditivamente, **coa axuda dunha partitura**, os distintos planos sonoros dunha obra ou fragmento, e relaciónaos correctamente cos diferentes tipos de textura existentes, explicando as súas características dun modo claro, conciso e utilizando unha terminoloxía adecuada, evaluando, con axuda dunha guía escrita, a elección desta textura en concreto en relación ás necesidades expresivas e compositivas que require a obra.
- **Cualificación 7-8: Identifica** auditivamente, **sen a axuda dunha partitura**, os distintos planos sonoros dunha obra ou fragmento, e relaciónaos correctamente cos diferentes tipos de textura existentes, explicando as súas características dun modo claro, conciso e utilizando unha terminoloxía adecuada, evaluando, con axuda dunha guía escrita, a elección desta textura en concreto en relación ás necesidades expresivas e compositivas que require a obra.
- **Cualificación 9-10: Identifica** auditivamente, **sen a axuda dunha partitura**, os distintos planos sonoros dunha obra ou fragmento, e relaciónaos, con precisión, cos diferentes tipos de textura existentes, explicando as súas características dun modo claro e utilizando unha terminoloxía precisa e detallada, e valorando, de forma autónoma con argumentos coherentes, a elección desta textura en concreto en relación ás necesidades expresivas e compositivas que require a obra.

Criterio B1.4. Identificar procesos de tensión e distensión, así como o punto culminante nunha obra previamente escoitada, determinando os procedementos utilizados.

A través de este criterio se evaluará si o alumnado é capaz de percibir e recoñecer os procedementos de tensión e distensión utilizados polo compositor (modulacións, progresións, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e

densidad, etc.) e, posteriormente, a súa identificación na partitura. Recoméndase para a descrición dos procesos a utilización de diversas formas de representación gráfica.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4: Identifica** auditivamente, **con dificultade**, algúns dos procesos de tensión e distensión e o punto culminante(clímax) dunha **obra sinxela**, analizando coa partitura, a grandes liñas e con erros importantes os procedementos utilizados polo compositor (modulaciones, progresiones, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) describíndoos co uso dalgunha forma de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.) de elaboración pobre.
- **Cualificación 5-6: Identifica** auditivamente, **con algunhas dúbidas**, os procesos de tensión e distensión e o punto culminante(clímax) dunha **obra sinxela**, analizando coa partitura, sen incorreccións importantes e a grandes rasgos os procedementos utilizados polo compositor (modulaciones, progresiones, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) describíndoos co uso dalgunha forma de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.) ben realizada e acabada.
- **Cualificación 7-8: Identifica** auditivamente, **con facilidade**, os procesos de tensión e distensión e o punto culminante(clímax) dunha **obra sinxela**, analizando coa partitura, correctamente e con detalle, os procedementos utilizados polo compositor (modulaciones, progresiones, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) describíndoos co uso dalgunha forma de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.) ben realizada e acabada.
- **Cualificación 9-10: Identifica** auditivamente, **con facilidade**, os procesos de tensión e distensión e o punto culminante(clímax) dunha **obra complexa**, analizando coa partitura, correctamente e con detalle, os procedementos utilizados polo compositor (modulaciones, progresiones, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) describíndoos co uso dalgunha forma de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.) ben realizada e acabada, cunha presentación orixinal.

Criterio B2.1 Recoñecer a forma dunha obra de calquera estilo e a súa correspondencia ou non cunha forma tipo a partir da súa audición, e saber explicala coa terminoloxía precisa, con ou sen partitura.

Con este criterio poderase verificar si os alumnos e alumnas distinguen aspectos característicos dos diversos estilos musicais, e as diferenzas existentes entre eles, referidas a aspectos estruturais, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. Tamén se comprobará a capacidade do alumnado para establecer relacións de paralelismo entre

distintas obras que compartan estruturas formais similares.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Calificación 0-4.** Realiza unha análise comparativo, **con dificultade** aínda con axuda dunha guía escrita, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, con notables incorreccións e a grandes rasgos, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 5-6.** Realiza unha análise comparativo, **coa axuda dunha guía escrita**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, sen incoherencias graves e a grandes rasgos, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 7-8.** Realiza unha análise comparativo, **con dificultade aínda con axuda dunha guía escrita**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, de maneira correcta e con certa profundidades, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 9-10.** Realiza unha análise comparativo, **con autonomía**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, de maneira precisa e detallada, as diferenzas e similitudes que atopa.

Criterio B2.2 Realizar unha crítica ou un comentario dun concerto ou dunha audición, complementando o escoitado e o traballado na clase con achegas e documentación procurada polo propio alumnado.

Perséguese con este criterio avaliar nos alumnos e alumnas a súa capacidade para comprender a obra e asimilar o estudado, así como para atopar información adecuada e desenvolver unha explicación fundamentada e razoada. Valorarase, igualmente, o rigor, a madurez e a orixinalidad das opinións persoais expresadas que demostren un posicionamiento crítico ante a manifestación artística proposta e o uso dunha terminoloxía adecuada.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise a grandes liñas dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase, con erros aínda con axuda da partitura ou outros recursos (esquemas, musicogramas); complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma confusa, e con apuntas incoherentes de documentación obtida polo alumno, só cando se lle require.

■ **Cualificación 5-6:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise, a grandes liñas, dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase, con axuda da partitura ou outros recursos (esquemas, musicogramas,); complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.

■ **Cualificación 7-8:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise, con certa profundidade, dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase con axuda da partitura; complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.

■ **Cualificación 9-10:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase por primeira vez, a partir da análise detallada dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados, relacionándoos entre si de forma global, coa axuda da partitura; complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara e ben fundamentada, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.

Criterio B3.2. Comentar oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos.

Con este criterio de avaliación trátase de constatar a capacidade do alumnado para comprender o tratamento desenvolvido polo compositor do texto: se é descriptivo, se a súa calidade é equiparable coa da música, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto .

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

■ **Cualificación 0-4: Analiza, con dificultades,** ata con axuda dunha guía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario escueto, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando un vocabulario propio.

■ **Cualificación 5-6:** Analiza, a grandes liñas e coa axuda dunha guía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando si é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario escueto, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando un vocabulario propio.

■ **Cualificación 7-8:** Analiza, con rigor e axuda dunha guía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, si o

poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario de extensión adecuada, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando terminoloxía específica.

- **Cualificación 9-10:** Analiza, con rigor e autonomía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario de extensión adecuada e con detalle, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando terminoloxía específica, e valorando, sen incoherencias importantes, se a calidade do texto é equiparable coa da música.

1.2. Concreción dos obxectivos.

O ensino da Análise musical no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Percibir, a través de a audición, tanto por medios convencionais como co uso das tecnoloxías, os elementos e procedementos que configuran unha obra musical e captar a diversidade de recursos e trazos esenciais que contén.
- Comprender a organización do discurso musical, observando os diferentes elementos e procedementos que dan lugar a súa estruturación: partes, seccións, materiais, texturas, harmonía, melodía, ritmo, timbre, procesos de crecemento e decrecemento de tensión, puntos culminantes, cadencias, etc.
- Coñecer as principais formas musicais históricas ou formas-tipo e a súa evolución, relacionalas e comprender que a linguaxe musical, como o resto das linguaxes, ten unhas normas que varían a través do tempo e recibe influencias diversas que lle fan transformarse.
- Recoñecer as características dos principais estilos musicais: a harmonía, a melodía, a textura, o ritmo, a instrumentación, a ornamentación, etc. e ser capaz de detectar algunha desas características en obras pertencentes a épocas ou estilos distintos como reminiscencias do pasado.
- Comprender a relación entre música e texto en obras vocais ou vocais e instrumentais nas diferentes épocas históricas.
- Adquirir un léxico e unha terminoloxía adecuados para expresar e describir, de forma oral e escrita, os procesos analíticos asociados ao estudo de obras e estilos musicais así como os procesos musicais, atendendo non só ao compoñente obxectivo da música senón tamén ao subxectivo, o que percibe o oínte.
- Coñecer as músicas doutras culturas, as súas características, as sensacións que provocan e a función que cumpren no seu contexto histórico-social, aprender a valoralas e comprender a influencia que han ter na música occidental ao longo da historia.
- Utilizar o sentido crítico para valorar a calidade nas obras de diferentes épocas, estilos e xéneros, baseándose na percepción dos elementos e procedementos

construtivos, xulgando con criterio, argumentando e expoñendo as opinións con precisión terminolóxica.

- Buscar, seleccionar, comprender e relacionar a información obtida de fontes diversas, incluída a que proporciona a contorna física e social, a biblioteca escolar, os medios de comunicación e as tecnoloxías de a información, para profundar no coñecemento de a música, tratala de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais, de forma oral e escrita, de xeito organizado e intelixible.

1.3. Concreción dos estándares de aprendizaxe.

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

Estándares de aprendizaxe de Análise Musical I

Bloque 1. Iniciación aos elementos analíticos

1.1.1. Recoñece e explica o modo en que está construída unha obra, entendendo a relación entre a estrutura e os elementos e procedementos utilizados.

1.2.1. Distingue o timbre dos instrumentos e das voces, calquera que sexa a súa combinación.

1.3.1. Recoñece e describe os planos sonoros, utilizando a terminoloxía adecuada.

1.3.2. Explica as características das texturas e distíngueas na partitura e na audición.

1.4.1. Percibe os procedementos de tensión e distensión utilizados polo/a compositor/a, e identifícaos na partitura.

1.5.1. Mantén uns correctos hábitos de escoita e de respecto polas demais persoas durante a interpretación da música.

Bloque 2. A forma musical

2.1.1. Comprende e describe o que é forma tipo ou forma histórica.

2.1.2. Describe a forma da obra empregando unha linguaxe concreta e adecuada.

2.1.3. Analiza unha obra reflectindo esquematicamente as partes, as seccións e as subseccións en que pode dividirse.

2.1.4. Recoñece e describe os procedementos xeradores de forma (repetición, contraste, elaboración de materiais e coherencia).

2.2.1. Elabora comentarios escritos ou orais sobre audicións, con espírito crítico, utilizando unha terminoloxía adecuada.

2.2.2. Consulta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios

Bloque 3. As formas históricas

3.1.1. Distingue aspectos característicos da música, como a estrutura, as súas características harmónicas, rítmicas, tímbricas, etc.

3.1.2. Distingue, polas súas características compositivas, formais e estéticas, a pertenza dunha obra a unha determinada época ou a un estilo.

3.1.3. Asimila o estudado e atopa información adecuada para desenvolver unha explicación fundamentada, razoada e sentida das obras analizadas.

3.2.1. Comprende e explica o tratamento que realizou o/a compositor/a do texto: se foi descritivo, se é unha simple escusa, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especiais, etc

3.2.2. Utiliza argumentos e razoamentos coherentes.

Temporalización

1ª avaliación: Iniciación aos elementos analíticos

2ª avaliación: A forma musical

3ª avaliación: As formas históricas

Procedementos de avaliación.

No inicio do curso realizarase unha avaliación inicial que servirá ao profesor para establecer o plan de reforzo de aqueles contidos non adquiridos nos cursos anteriores. Os procedementos de avaliación serán:

- Exercicios de linguaxe musical no aula e tarefas para facer na casa que serán avaliábeis.
- Cuaderno de traballo do alumno.
- Utilización das T.I.C.
- Exposicións orais.
- Traballos individuais e/ ou en grupo.
- Resolución de cuestións sobre as audicións traballadas ao longo do curso.

Instrumentos de avaliación.

- **Proba escrita: 60 %.** Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- **Participación, traballo de clase/casa: 40%.** Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo.
O alumno realizará ó longo do curso actividades de aprendizaxe dirixidas no aula tales como análise de partituras ou comentario de audicións e/ou textos nas que se traballen os contidos de cada avaliación.

Na **3ª avaliación**, os alumnos realizarán un **traballo final**, tipo presentación(Libreoffice Impress o power point), sobre unha obra musical, centrándose no estudo da forma que deberán expoñer ó resto dos compañeiros.

Estrutura do traballo:

I. Autor.

II. Obra:

- Título.
- Forma.
- Instrumentación.
- Xénero musical.
- Estilo.
- Audición ou enlace da audición.

III. Comentario personal da obra.

O traballo final puntuarase de 0 a 10. A **nota final/ordinaria** será a cualificación obtida neste traballo final sempre que sexa igual ou superior á media ponderada das tres avaliacións.

Cualificación final: Para a superación óptima da materia é necesario participar cunha actitude positiva nas actividades de aprendizaxe dirixidas no aula, así como aprobar cada unha das probas obxectivas independentemente cunha cualificación mínima de 5 en todas elas; sen que ningunha delas sexa excluínte. O alumno pode obter unha cualificación de 0 a 10 en cada trimestre. O alumno aprobará o curso se obtén unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Recuperación de avaliacións suspensas: Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación presentándose a un exame de recuperación no comezo da seguinte avaliación, tendo a proba características similares ás realizadas en cada trimestre.

Probas extraordinarias: Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras a avaliación ordinaria de xuño, deberán presentarse ás probas finais extraordinarias que terán lugar os días 20-21-22 de xuño para a realización tan só dun exame escrito o cal incluíría todo o traballado durante os tres trimestres. O exame tería similares características aos realizados durante o curso. Trátase dunha proba teórica dividida en dúas partes, na primeira terán que contestar a unhas cuestións de linguaxe musical relativas a unha partitura traballada na aula durante o curso e na segunda parte, contestarán unhas preguntas sobre a forma musical/formas históricas. Para superar a materia será preciso obter un 5 no exame.

1.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Esta metodoloxía cooperativa permite ao alumnado sentirse activo, formar parte de un equipo e ter unha escola inclusiva e non selectiva. Por exemplo, se un alumno estuda unha obra no conservatorio como “Variación sobre un tema de Paganini” para violoncello, o día que explicamos a técnica da variación, o alumno préstase a interpretar a obra no aula.

Propóñense as seguintes orientacións didácticas para desenvolver o currículo desta materia:

- Promover a unidade de teoría e práctica.
- Promover a participación activa do alumnado na aula nun ambiente de intercambio, colaboración e interacción.
- Fomentar a creatividade do alumnado.
- Potenciar a socialización, ademais de favorecer as relacións no grupo e o traballo de equipo.
- Facilitar o contacto co exterior, asistencia a audicións, concertos e espectáculos de danza, entre outros.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado e desenvolver os contidos de forma estruturada e coherente, de maneira que a posibilidade de construír novas aprendizaxes repouse no xa aprendido.
- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a motivación que sente de forma natural ante o fenómeno musical. Potenciaranse moi especialmente as posibilidades de comunicación a través do interese que

posúe ante o feito musical, natural no ser humano, traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.

- Fomentar a participación do alumnado na realización de traballos de investigación sobre autores e obras representativas dun estilo compositivo determinado.
- Potenciar a utilización das TIC que estean ao seu alcance, tanto con fins educativos como para o seu tempo de lecer. Igualmente, fomentárase a lectura e análise de diferentes fontes documentais, tanto en formato impreso como en soporte electrónico multimedia.

1.5. Materiais e recursos didácticos.

No curso 2021-2022 non hai libro de texto. Non atopamos ningún libro de texto impreso polo que os alumnos collen apuntes ou ben consultan algunhas das unidades didácticas creadas pola profesora que están na aula virtual, recursos tics das distintas comunidades autónomas ou materiais elaborados por outros docentes na web.

En 1º de bacharelato traballamos coa Aula Virtual do centro; alí están todos os contidos e as tarefas a realizar polo alumnado. Na A. V. publícase a tarefa coa súa introdución, explicación/demostración e instrucións claras sobre o que se espera e forma de avaliación. En todo momento o papel do docente é asesorar e guiar ó alumnado.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual/course/view.php?id=603>

Ademáis, outros materiais moi útiles no departamento de música inclúen:

- instrumental ORFF, guitarra e teclado clavinova. Ademáis dos instrumentos proporcionados polos alumnos que estudan no conservatorio. Por exemplo, se un alumno estuda unha obra no conservatorio como “Variación sobre un tema de Paganini” para violoncello, o día que explicamos a técnica da variación, o alumno préstase a interpretala no aula.
- un ordenador portátil, con reprodutor e grabador de DVD, e diverso software libre de edición, grabación e reprodución de música e vídeo.
- un proxector e unha pantalla

1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

No apartado 1.1.1. da programación, “ Contribución ao desenvolvemento das competencias clave”, traballamos os criterios de avaliación e elaboramos as rúbricas necesarias para avaliar os estándares de aprendizaxe xa que estamos a avaliar por competencias .

Tamén, no apartado 1.1.3. “Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....” indicamos os procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos de avaliación.

No inicio do curso realízase unha avaliación inicial que servirá ao profesor para establecer o plan de reforzo de aqueles contidos non adquiridos nos cursos anteriores. Os procedementos de avaliación serán:

- Exercicios de linguaxe musical no aula e tarefas para facer na casa que serán avaliábles.
- Cuaderno de traballo do alumno.
- Utilización das T.I.C.
- Exposicións orais.
- Traballos individuais e/ ou en grupo.
- Resolución de cuestións sobre as audicións traballadas ao longo do curso.

Instrumentos de avaliación.

- **Proba escrita: 60 %.** Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- **Participación, traballo de clase/casa: 40%.** Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo.
O alumno realizará ó longo do curso actividades de aprendizaxe dirixidas no aula tales como análise de partituras ou comentario de audicións e/ou textos nas que se traballen os contidos de cada avaliación.

Na **3ª avaliación**, os alumnos realizarán un **traballo final**, tipo presentación(Libreoffice Impress o power point), sobre unha obra musical, centrándose no estudo da forma que deberán expoñer ó resto dos compañeiros.

Estrutura do traballo:

I. Autor.

II. Obra:

- Título.
- Forma.
- Instrumentación.
- Xénero musical.
- Estilo.
- Audición ou enlace da audición.

III. Comentario personal sobre a obra.

O traballo final puntuarase de 0 a 10. A **nota final/ordinaria** será a cualificación obtida neste traballo final sempre que sexa igual ou superior á media ponderada das tres avaliacións.

Cualificación final: Para a superación óptima da materia é necesario participar cunha actitude positiva nas actividades de aprendizaxe dirixidas no aula, así como aprobar cada unha das probas obxectivas independentemente cunha cualificación mínima de 5 en todas elas; sen que ningunha delas sexa excluínte. O alumno pode obter unha cualificación de 0 a 10 en cada trimestre. O alumno aprobará o curso se obtén unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Recuperación de avaliacións suspensas: Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación presentándose a un exame de recuperación no comezo da seguinte avaliación, tendo a proba características similares ás realizadas en cada trimestre.

Probas extraordinarias: Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras

a avaliación ordinaria de xuño, deberán presentarse ás probas finais extraordinarias que terán lugar os días 20-21-22 de xuño para a realización tan só dun exame escrito o cal incluíría todo o traballado durante os tres trimestres. O exame tería similares características aos realizados durante o curso. Trátase dunha proba teórica dividida en dúas partes, na primeira terán que contestar a unhas cuestións de linguaxe musical relativas a unha partitura traballada na aula durante o curso e na segunda parte, contestarán unhas preguntas sobre a forma musical/formas históricas. Para superar a materia será preciso obter un 5 no exame.

1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino é necesario que nas reunións do Departamento analicemos se os estándares de aprendizaxe se axustan á temporalización prevista ou non. Por tanto, farase un seguimento da programación e ao remate do curso poderemos ter unha visión global da efectividade da programación e procederase a axustala convenientemente para o seguinte curso, no caso de que sexa conveniente.

1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Grao mínimo a acadar os Estándares de Aprendizaxe

Serán os mesmos da programación do curso axeitados a realidade persoal do alumnado pendente

Programa de Reforzo para a recuperación de Análise Musical para alumnos coa materia pendente

Os alumnos con Análise Musical I pendente terán un seguimento ó longo do curso por parte do profesorado adscrito ó departamento, tanto respecto as dúbidas que lles podan xurdir coma á presentación de actividades, traballos a realizar, etc. Normalmente farase un seguimento en réximen de tutoría mensual donde se lles facilitarán actividades, exercicios e traballos que poderán entregar para a súa corrección no mes seguinte. Neste curso 2021-2022 soamente hai un alumno coa materia Análise Musical I pendente, xa que mudou de optativa e non se presentou á proba de acreditación.

Avaliación dos alumnos con Análise Musical I pendente

O exame dos alumnos pendentes constará de tres probas, unha en xaneiro, outra a finais de abril e a avaliación ordinaria terá lugar no mes de maio, entre as que se dividirán os contidos da asignatura, lóxicamente referidas ó programa oficial que se cita na programación e que serán calificadas de un a dez. Se un alumno non superase a cualificación de apto no primeiro exame, poderá engadirse no segundo algunha cuestión da primeira parte, que favoreza así a súa recuperación.

A estas probas se lles engadirá a elaboración de traballos prácticos sobre aspectos concretos do mesmo programa e que completen a súa avaliación. Serán entregados os alumnos antes dos exames polos profesores do seu grupo. Estes traballos poderán aumentar a nota ata un máximo de dous puntos.

Os exames serán calificados polos membros do departamento e os alumnos poderán ver o(s) exercicio(s) unha vez correxidos.

1.9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

No Real Decreto 86/2015 expoñen que “ La superación de materias de 2º curso que se indican en el anexo III estará condicionada a la superación de las correspondientes de 1º, indicadas en dicho anexo por continuidad. No obstante, el alumno podrá matricularse de la materia de segundo curso sin haber cursado la correspondiente materia de primer curso siempre que el profesorado que la imparta considere que el alumno o alumna reúne las condiciones necesarias para poder seguir con aprovechamiento la materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar la materia de primer curso, que tendrá consideración de materia pendiente, si bien no será computable a efectos de modificar las condiciones en las que se ha promocionado a segundo”.

A consideración de aptitude do alumno para cursar Análise Musical II, no caso anteriormente citado, será avaliada polo Departamento cunha proba o exame que terá lugar no mes de setembro, antes do comezo do curso. Como non hai libro de texto, os contidos a avaliar están no Aula Virtual do Centro.

O alumnado ten que acceder ao curso Análise Musical I:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual/course/view.php?id=603>

Os contidos a avaliar son os seguintes:

- **Iniciación aos elementos analíticos.**

Tema 4: repaso Lenguaje Musical.

Tema 5: Melodía.

Tema 6: Armonía.

Tema 7: Textura.

- **La forma musical. Las formas históricas.**

Tema 8: principios generadores de la forma musical. A Forma Musical.

Tema 9: Prezi sobre las Formas Musicales Mayores/apuntes Formas Mayores.

1.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A realización da avaliación inicial, terá lugar nas primeiras semanas de clase e consistirá nunha proba escrita que xirará ao redor do análise dunha partitura, facendo especial incidencia nos conceptos básicos da linguaxe musical (melodía, ritmo, armonía, textura, forma, xénero, estilo) que o alumno ten que dominar para conquistar as competencias necesarias para poder afrontar os estándares de aprendizaxe do curso, fundamentados no análisis histórico-musicolóxico.

Se observamos que os alumnos non teñen estes conceptos afianzados, o que faremos será un repaso de todo o Linguaxe Musical antes de afrontar os novos contidos da materia.

1.11. Medidas de atención a diversidade.

Como tódolos anos, en colaboración co Departamento de Orientación, levaremos a cabo as medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este curso contamos cun alumno que presenta fobia nocturna polo que adoptaremos as

seguintes medidas:

- Ter moita comprensión co alumno.
- Reforzo positivo ante a conducta do alumno de “facer o mesmo cos demais”.
- Realización de exames nas primeiras horas da tarde cando aínda é de día.
- Reforzar o seu traballo na casa, ante as faltas de asistencia nas horas de “clase nocturna”, proporcionándolle a través da Aula Virtual os contidos e actividades traballadas na aula.

1.12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

O Departamento de Música non ten coñecemento do elemento transversal que se vai traballar de forma coordinada no curso 2020/21 no curso de 1º de bacharelato.

1.13. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

No curso 2021-2022 non hai actividades complementarias e extraescolares programadas como consecuencia da pandemia causada polo Covid-19.

1.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para poder avaliar a programación didáctica en relación cos resultados académicos, no primeiro lugar, teremos que esperar ata o final de curso, estudar os resultados académicos acadados polos nosos alumnos, despois analizaremos as causas deses resultados, e finalmente as medidas que tomamos para mellorar eses resultados.

2. Análise Musical II.

2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As principais competencias que se desprenden do currículo oficial refírense aos seguintes aspectos presentes nos materiais didácticos:

a) Competencia en comunicación lingüística

A música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal, e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

O uso de distintos tipos de notación musical: partituras e musicogramas, axudan a unha mellor comprensión da linguaxe oral e escrita en múltiples contextos e usos.

Tamén é fundamental a comprensión dos textos que explican cada elemento e da relación da música con outras áreas do saber e a comprensión das ordes instructivas que se enuncian nas actividades.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A música contribúe ao:

- Desenvolvemento do pensamento matemático a través da práctica dos conceptos matemáticos intrínsecos da teoría musical.
- Potenciación de procesos de pensamento como a dedución de proporcións rítmicas e a xeometría da forma musical.

- Potenciación da indución a través da audición activa.
- Mellora da calidade do medio ambiente:
Reflexión sobre o ruído, a contaminación sonora no uso cotián da música e o ruído que se xera ao ensaiala. Necesidade de xerar hábitos saudables.
- Prevención de problemas de saúde a través dos contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio.

c) Competencia dixital

O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do «hardware» e o «software» musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

d) Competencia para aprender a aprender

A música tamén contribúe ao desenvolvemento desta competencia, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e «apropiarse» da mesma. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren de toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos propios procesos. En todos estes casos, é necesaria unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos desde a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

e) Competencias sociais e cívicas

A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

Toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso a valoración dos demais e os trazos da sociedade en que se vive.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Potenciación do traballo colaborativo e a habilidade para planificar e gestionar proxectos. A interpretación, a improvisación e a composición son claros exemplos de actividades que requiren unha planificación previa e adopción de decisións para obter os resultados desexados.

Desenvolvemento a través de actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical de capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a

autocrítica e a autoestima (factores clave para a adquisición desta competencia). Composición, interpretación e avaliación de proxectos musicais individuais ou colectivos como medio de fomentar a confianza, a creatividade, a responsabilidade e o sentido crítico.

Planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados nos ámbitos da interpretación.

Valoración da innovación en música e da importancia da imaxinación para crear.

Recoñecemento e aceptación do propio talento musical buscando recursos para potenciarlo.

Capacitación para gestionar o risco que comporta a interpretación en público e manexar a incerteza.

Potenciación das calidades de liderado para dirixir un grupo musical e capacidade para traballar individualmente e en equipo.

g) Conciencia e expresións culturais

Capacidade de comprender o medio artístico musical a partir da propia experimentación.

Sentirse músico para entender o contexto que rodea a quen practican esta actividade.

Apreciación e avaliación das manifestacións culturais e musicais a través da audición e actividades de expresión e comunicación con músicas con diferentes culturas, épocas e estilos.

Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto de as manifestacións musicais a través do uso dos elementos da música nas composicións.

Adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a composición tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade.

Comprensión do feito musical e consideración do mesmo como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto de as manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.

RÚBRICAS DE ANÁLISE MUSICAL II

- **B1.1. Recoñecer a forma dunha obra (a gran escala, media escala e pequena escala), a partir da súa audición e co apoio da partitura, e saber explicala con termos precisos.**

Con este criterio poderase verificar si os alumnos e alumnas distinguen aspectos característicos dos diversos estilos musicais, e as diferenzas existentes entre eles, referidas a aspectos estruturais, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. Tamén se comprobará a capacidade do alumnado para establecer relacións de paralelismo entre distintas obras que compartan estruturas formais similares.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4.** Realiza unha análise comparativo, con dificultade aínda con

axuda dunha guía escrita, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, con notables incorreccións e a grandes rasgos, as diferenzas e similitudes que atopa.

- **Cualificación 5-6.** Realiza unha análise comparativo, **coa axuda dunha guía escrita**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, sen incoherencias graves e a grandes rasgos, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 7-8.** Realiza unha análise comparativo, **con dificultade aínda con axuda dunha guía escrita**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, de maneira correcta e con certa profundidades, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 9-10.** Realiza unha análise comparativo, **con autonomía**, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc., de obras sinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con o sen utilización da partitura, e expón, de maneira precisa e detallada, as diferenzas e similitudes que atopa.

• **B1.2. Recoñecer mediante a audición e a partitura o estilo dunha obra e as súas características tímbricas, melódicas, harmónicas, formais, etc.**

Con este criterio poderá verificarse si os alumnos e alumnas son capaces de identificar, por medio do recoñecemento auditivo, os trazos e características máis significativos dos diferentes estilos, determinando o que lles é propio desde os distintos puntos de vista (melódico, rítmico, armónico, tímbrico, formal). No proceso evaluador recoméndase comezar a partir de exemplos sinxelos, onde se comproba a identificación dos distintos elementos por separado para, con posterioridade, relacionalos entre si. As sucesivas propostas irían gañando gradualmente en complexidade.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

Competencias específicas:

Competencia morfolóxica musical

Competencia en sintaxis musical

Competencia de contextualización musical

- **Cualificación 0-4:** Identifica auditivamente, con moitas dificultades, distintos elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais), dunha obra sinxela, con ou sen partitura, e determina con incorreccións o seu estilo, aínda coa axuda dunha guía(catálogo de trazos propios de cada estilo).
- **Cualificación 5-6:** Identifica auditivamente, con alguna dificultade, distintos elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais...), dunha obra sinxela, con ou sen partitura, analizándolos por separado, e determina o seu estilo, coa axuda dunha guía(catálogo de trazos propios de cada estilo).

- **Cualificación 7-8:** Identifica auditivamente, con facilidade, distintos elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais...), dunha obra complexa, con ou sen partitura, analizándolos por separado, e determina o seu estilo, coa axuda dunha guía(catálogo de trazos propios de cada estilo).
- **Cualificación 9-10:** Identifica auditivamente, con facilidade, distintos elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais...), dunha obra complexa, con ou sen partitura, analizándolos globalmente, e determina de maneira autónoma o seu estilo.

• **B1.3. Identificar auditivamente e sobre a partitura os principais procesos xeradores de forma que utiliza o/a autor/a nunha obra.**

A traves deste criterio, trátase de constatar a capacidade do alumnado para percibir e recoñecer os procedementos utilizados polo compositor que son articuladores da estrutura da obra (modulacións, progresións, repeticións motívicás, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.).

Finalmente, preténdese avaliar si os alumnos e alumnas son capaces de explicar de xeito preciso devanditos procedementos mediante a utilización de diversas formas de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.).

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

Competencias específicas:

Competencia morfolóxica musical

Competencia en sintaxis musical

- **Cualificación 0-4:** Identifica auditivamente, con moita dificultade aínda coa axuda dunha guía, os principais procedementos xeradores da forma (modulaciones, progresións, repeticións motívicás, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) en obras ou fragmentos sinxelos, traballados con anterioridad no aula, e explícaos con incoherencias mediante a utilización de diversas formas de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.)
- **Cualificación 5-6:** Identifica auditivamente, con algunha dificultade e coa axuda dunha guía, os principais procedementos xeradores da forma (modulaciones, progresións, repeticións motívicás, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) en obras ou fragmentos sinxelos, traballados con anterioridad no aula, e explícaos de maneira precisa mediante a utilización de diversas formas de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descriptivas, musicogramas, cronogramas, etc.)
- **Cualificación 7-8:** Identifica auditivamente, con facilidade e autonomía, os principais procedementos xeradores da forma (modulaciones, progresións, repeticións motívicás, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) en obras ou fragmentos sinxelos, escoitados por primeira vez, e explícaos de maneira

precisa mediante a utilización de diversas formas de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descritivas, musicogramas, cronogramas, etc.)

- **Cualificación 9-10:** Identifica auditivamente, con facilidade e autonomía, os principais procedementos xeradores da forma (modulaciones, progresións, repeticións motivicas, elaboracións, variacións e desenvolvementos temáticos, procesos de sínteses, utilización de diferentes texturas e planos sonoros, de intensidade e densidad, etc.) en obras ou fragmentos de certo nivel ou complexidade, escoitados por primeira vez, e explícaos de maneira precisa mediante a utilización de diversas formas de representación gráfica (esquemas, cadros sinópticos, táboas descritivas, musicogramas, cronogramas, etc.)
- **Criterio B1.4 Realizar unha crítica ou un comentario dun concerto ou dunha audición, complementando o escoitado e o traballado na clase con achegas e documentación procurada por si mesmo/mesma.**

Perséguese con este criterio avaliar nos alumnos e alumnas a súa capacidade para comprender a obra e asimilar o estudado, así como para atopar información adecuada e desenvolver unha explicación fundamentada e razoada. Valorarase, igualmente, o rigor, a madurez e a orixinalidad das opinións persoais expresadas que demostren un posicionamiento crítico ante a manifestación artística proposta e o uso dunha terminoloxía adecuada.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise a grandes liñas dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase, con erros aínda con axuda da partitura ou outros recursos (esquemas, musicogramas); complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma confusa, e con apuntas incoherentes de documentación obtida polo alumno, só cando se lle require.
 - **Cualificación 5-6:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise, a grandes liñas, dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase, con axuda da partitura ou outros recursos (esquemas, musicogramas,); complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.
 - **Cualificación 7-8:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase con anterioridade, a partir da análise, con certa profundidade, dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados en clase con axuda da partitura; complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.
 - **Cualificación 9-10:** Realiza un comentario crítico dunha obra escoitada en clase por primeira vez, a partir da análise detallada dos elementos sonoros, formais e estilísticos traballados, relacionándoos entre si de forma global, coa axuda da partitura; complementándolo con achegas persoais, expresadas de forma clara e ben fundamentada, e con apuntas de documentación pertinente, obtidas polo propio alumno.
- **Criterio B1.5. Escoitar obras de características ou estilos diversos e recoñecer as diferenzas e/ou relacións entre elas.**

Con este criterio poderase verificar si os alumnos e alumnas distinguen aspectos característicos dos diversos estilos musicais, e as diferenzas existentes entre eles, referidas a aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. Tamén se comprobará a capacidade do alumnado para establecer relacións de paralelismo entre distintas obras que compartan estruturas formais similares.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

Competencias específicas:

Competencia morfolóxica musical

Competencia en sintaxis musical

- **Cualificación 0-4:** Realiza unha análise comparativo, con axuda dunha guía escrita, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. de obrassinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con ou sen utilización da partitura, e expón, sen incoherencias graves e a grandes liñas, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 5-6:** Realiza unha análise comparativo, con axuda dunha guía escrita, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. de obrassinxelas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con ou sen utilización da partitura, e expón, de maneira correcta e con certa profundidades, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 7-8:** Realiza unha análise comparativo, con autonomía, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. de obras scomplexas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con ou sen utilización da partitura, e expón, de maneira precisa e detallada, as diferenzas e similitudes que atopa.
- **Cualificación 9-10:** Realiza unha análise comparativo, con autonomía, dos aspectos estruturales, melódicos, armónicos, rítmicos, tímbricos, etc. de obras scomplexas de características ou estilos diversos, escoitadas e traballadas anteriormente en clase, a partir da súa audición, con ou sen utilización da partitura, e expón, de maneira precisa e detallada, as diferenzas e similitudes que atopa.

Criterio B1.6 Comentar oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos.

Con este criterio de avaliación trátase de constatar a capacidade do alumnado para comprender o tratamento desenvolvido polo compositor do texto: se é descriptivo, se a súa calidade é equiparable coa da música, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto .

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

- **Cualificación 0-4:** Analiza, con dificultade, ata con axuda dunha guía,

a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario escueto, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando un vocabulario propio.

- **Cualificación 5-6:** Analiza, a grandes liñas e coa axuda dunha guía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando si é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario escueto, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando un vocabulario propio.
- **Cualificación 7-8:** Analiza, con rigor e axuda dunha guía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, si o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario de extensión adecuada, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando terminoloxía específica.
- **Cualificación 9-10:** Analiza, con rigor e autonomía, a relación entre o texto e música en obras de diferentes épocas e estilos, considerando se é descriptivo, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especialmente significativas, se a música adecúase ao carácter do texto, se a relación prosódica é acertada, e se a utilización dos diferentes medios de musicalización responde ás necesidades do texto; realizando un comentario de extensión adecuada e con detalle, oral ou escrito, da manifestación artística proposta, usando terminoloxía específica, e valorando, sen incoherencias importantes, se a calidade do texto é equiparable coa da música.

Criterio B2.1 Comentar a audición con ou sen partitura dunha obra pertencente a calquera dos estilos estudados, utilizando unha terminoloxía adecuada.

Este criterio permitirá verificar a asimilación por parte do alumnado das características estilísticas máis representativas dos periodos estudados, determinando os aspectos esenciais e diferenciadores da obra analizada co uso dunha terminoloxía adecuada. A selección de exemplos claros e representativos pertencentes ás diferentes épocas e estilos contribuirá en boa medida a facilitar o recoñecemento dos trazos característicos máis relevantes de cada unha das diferentes etapas e correntes estilísticas.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

Competencias específicas:

Competencia morfolóxica musical

Competencia en sintaxis musical

Competencia de contextualización musical

- **Cualificación 0-4:** Realiza un comentario de audición dunha obra sinxela, utilizando, en poucas ocasións, a terminoloxía adecuada, a partir da análise dos seus elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais,...), a grandes liñas e con erros, e comparándoos coas características máis representativas dos estilos estudados previamente, con incoherencias aínda con axuda dunha guía escrita.
- **Cualificación 5-6:** Realiza un comentario de audición dunha obra sinxela, utilizando, en poucas ocasións, a terminoloxía adecuada, a partir da análise dos seus elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais,...), a grandes rasgos, e comparándoos coas características máis representativas dos estilos estudados previamente, con axuda dunha guía escrita.
- **Cualificación 7-8:** Realiza un comentario de audición dunha obra complexa, utilizando a terminoloxía adecuada, a partir da análise detallado dos seus elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais,...), e comparándoos coas características máis representativas dos estilos estudados previamente, con axuda dunha guía escrita.
- **Cualificación 9-10:** Realiza un comentario de audición dunha obra complexa, utilizando con fluidez e precisión unha terminoloxía adecuada, a partir da análise detallado dos seus elementos (melódicos, rítmicos, armónicos, tímbricos, formais,...), e comparándoos, de forma autónoma, coas características máis representativas dos estilos estudados previamente.

Criterio B2.2. Detectar en obras de autores/as occidentais a influencia da música doutras culturas.

Mediante este criterio poderá evaluarse si os alumnos e alumnas perciben as características sonoras peculiares e propias da música doutras culturas, o grado de influencia que representa e o tratamento específico imprimido polo compositor ao material tomado en préstamo, calquera que sexa o estilo da obra que se traballe.

Competencias básicas do criterio:

Competencia comunicativa

Tratamento da información e competencia dixital

Competencias específicas:

Competencia morfolóxica musical

Competencia en sintaxis musical

Competencia de contextualización musical

- **Cualificación 0-4:** Identifica auditivamente, con imprecisións e moita dificultade, as características sonoras propias da música doutras culturas en obras de autores occidentais, independentemente do estilo, traballadas en clase e propostas polo profesor, explicando, con incorreccións e a grandes liñas, o tratamento específico imprimido polo compositor ao material tomado en préstamo.
- **Cualificación 5-6:** Identifica auditivamente, con algunhas imprecisións, as características sonoras propias da música doutras culturas en obras de autores

occidentais, independentemente do estilo, traballadas na clase e propostas polo profesor, explicando, de forma correcta e a grandes rasgos, o tratamento específico imprimido polo compositor ao material tomado en préstamo.

- **Cualificación 7-8:** Identifica auditivamente, de forma precisa, as características sonoras propias da música doutras culturas en obras de autores occidentais, independentemente do estilo, traballadas na clase e propostas polo profesor, explicando, de forma correcta e con certa profundidade, o tratamento específico imprimido polo compositor ao material tomado en préstamo, e valorando o seu grado de influencia con argumentos sinxelos.
- **Cualificación 9-10:** Identifica auditivamente, de forma precisa e con facilidade, as características sonoras propias da música doutras culturas en obras de autores occidentais, independentemente do estilo, propostas polo alumno e traballadas de maneira autónoma, explicando, de forma clara e detallada, o tratamento específico imprimido polo compositor ao material tomado en préstamo, e valorando o seu grado de influencia con argumentos ben fundamentados.

2.2. Concreción dos obxectivos.

O ensino da Análise musical no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Percibir, a través de a audición, tanto por medios convencionais como co uso das tecnoloxías, os elementos e procedementos que configuran unha obra musical e captar a diversidade de recursos e trazos esenciais que contén.
- Comprender a organización do discurso musical, observando os diferentes elementos e procedementos que dan lugar a súa estruturación: partes, seccións, materiais, texturas, harmonía, melodía, ritmo, timbre, procesos de crecemento e decrecemento de tensión, puntos culminantes, cadencias, etc.
- Coñecer as principais formas musicais históricas ou formas-tipo e a súa evolución, relacionalas e comprender que a linguaxe musical, como o resto das linguaxes, ten unhas normas que varían a través do tempo e recibe influencias diversas que lle fan transformarse.
- Recoñecer as características dos principais estilos musicais: a harmonía, a melodía, a textura, o ritmo, a instrumentación, a ornamentación, etc. e ser capaz de detectar algunha desas características en obras pertencentes a épocas ou estilos distintos como reminiscencias do pasado.
- Comprender a relación entre música e texto en obras vocais ou vocais e instrumentais nas diferentes épocas históricas.
- Adquirir un léxico e unha terminoloxía adecuados para expresar e describir, de forma oral e escrita, os procesos analíticos asociados ao estudo de obras e estilos musicais así como os procesos musicais, atendendo non só ao compoñente obxectivo da música senón tamén ao subxectivo, o que percibe o oínte.
- Coñecer as músicas doutras culturas, as súas características, as sensacións que provocan e a función que cumpren no seu contexto histórico-social, aprender a valoralas e comprender a influencia que han ter na música occidental ao longo da historia.
- Utilizar o sentido crítico para valorar a calidade nas obras de diferentes épocas,

estilos e xéneros, baseándose na percepción dos elementos e procedementos construtivos, xulgando con criterio, argumentando e expoñendo as opinións con precisión terminolóxica.

- Buscar, seleccionar, comprender e relacionar a información obtida de fontes diversas, incluída a que proporciona a contorna física e social, a biblioteca escolar, os medios de comunicación e as tecnoloxías de a información, para profundar no coñecemento de a música, tratala de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais, de forma oral e escrita, de xeito organizado e intelixible.

2.3. Concreción dos estándares de aprendizaxe.

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

Estándares de aprendizaxe de Análise Musical II

Bloque 1. Común.

- AM2B1.1.1. Comprende o modo en que está construída unha obra, e explica a relación entre a estrutura e os elementos e procedementos utilizados, empregando unha linguaxe concreta e adecuada.
- AM2B1.1.2. Mantén uns correctos hábitos de escoita e de respecto polas demais persoas durante a interpretación da música.
- AM2B1.2.1. Identifica os estilos e determina o que é propio deles desde distintos puntos de vista (formal, harmónico, melódico, rítmico, etc.)
- AM2B1.2.2. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.
- AM2B1.3.1. Recoñece e describe na audición os procedementos utilizados polo/a compositor/a que son articuladores da estrutura da obra.
- AM2B1.4.1. Elabora comentarios escritos ou orais sobre concertos en vivo ou audicións, con espírito crítico, utilizando unha terminoloxía adecuada.
- AM2B1.4.2. Expresa de xeito preciso as impresións e os sentimentos producidos polas obras escoitadas.
- AM2B1.4.3. Consulta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.
- AM2B1.5.1. Distingue e describe aspectos característicos dos estilos musicais e a diferenza entre eles.
- AM2B1.5.2. Establece paralelismos entre obras distintas.
- AM2B1.6.1. Comprende e explica o tratamento do texto que realizou o/a compositor/a.
- AM2B1.7.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.
- AM2B1.7.2. Selecciona correctamente os temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando os obstáculos que xurdan con creatividade.
- AM2B1.7.3. Toma as decisións acordes á súa responsabilidade nun traballo en grupo
- AM2B1.7.4. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, o reparto do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.

Bloque 2. A música medieval.

- AM2B2.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música medieval.
- AM2B2.1.2. Distingue as formas e os xéneros do canto gregoriano e outros cantos litúrxicos, a música profana, a polifonía, a Ars Antiqua e a Ars Nova.
- AM2B2.1.3. Analiza obras da música da Idade Media aplicando os coñecementos adquiridos.

Bloque 3. O Renacemento.

- AM2B3.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música renacentista.
- AM2B3.1.2. Distingue as formas, os xéneros e as escolas do Renacemento.
- AM2B3.1.3. Analiza obras da música do Renacemento, aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B3.1.4. Recoñece e describe os trazos propios dunha obra do Renacemento.

Bloque 4. O Barroco.

- AM2B4.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música barroca.
- AM2B4.1.2. Distingue as formas e os xéneros do Barroco.
- AM2B4.1.3. Analiza obras da música do Barroco, aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B4.1.4. Recoñece e enumera os trazos propios dunha obra do Barroco.

Bloque 5. O estilo Galante e o Clasicismo.

- AM2B4.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da Música Galante e do Clasicismo.
- AM2B4.1.2. Distingue as formas e os xéneros da Música Galante e do Clasicismo.
- AM2B4.1.3. Analiza obras da Música Galante e do Clasicismo, aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B4.1.4. Recoñece e enumera os trazos propios dunha obra da Música Galante e do Clasicismo.

Bloque 6. O Romanticismo.

- AM2B6.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música romántica.
- AM2B6.1.2. Distingue as formas e os xéneros do Romanticismo.
- AM2B6.1.3. Analiza obras da música do Romanticismo, aplicando os coñecementos adquiridos.

Bloque 7. O Posromanticismo e os nacionalismos

- AM2B7.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música posromántica.

- AM2B7.1.2. Distingue as formas e os xéneros do Posromanticismo e dos nacionalismos.
- AM2B7.1.3. Analiza obras da música do Posromanticismo e das escolas nacionais, aplicando os coñecementos adquiridos.

Bloque 8. O impresionismo.

- AM2B8.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música impresionista.
- AM2B8.1.2. Distingue as formas e os xéneros da música impresionista.
- AM2B8.1.3. Analiza obras da música do Impresionismo, aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B8.1.4. Percibe características sonoras propias da música doutras culturas.
- AM2B8.1.5. Investiga sobre os principais autores deste período e as súas técnicas compositivas

Bloque 9. A música do século XX.

- AM2B9.1.1. Recoñece e describe as características sonoras e estilísticas da música do século XX.
- AM2B9.1.2. Distingue as formas e os xéneros da música a partir do século XX
- AM2B9.1.3. Percibe características sonoras propias da música doutras culturas e/ou doutros xéneros musicais.
- AM2B9.1.4. Analiza obras da música do século XX, aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B9.1.5. Investiga sobre os principais movementos e os/as compositores/as máis importantes deste período e de principios do século XXI.

Bloque 10.A música electroacústica.

- AM2B10.1.1. Recoñece e describe as orixes e a evolución da música electroacústica, aleatoria, estocástica, música fractal e minimalismo.
- AM2B10.1.2. Coñece e explica as novas grafías e os novos instrumentos que xorden para esta nova música.
- AM2B10.1.3. Analiza obras de música electroacústica, aleatoria, estocástica, música fractal, minimalismo, etc., aplicando os coñecementos adquiridos.
- AM2B10.1.4. Investiga sobre os/as principais compositores/as deste xénero de música.
- AM2B10.2.1. Recoñece as características tímbricas da música do século XX e a importancia do uso de diferentes tecnoloxías.

Bloque 11. O jazz. A música urbana: pop e rock. O flamenco

- AM2B11.1.1. Distingue os estilos a través da audición.
- AM2B11.1.2. Analiza as características musicais e sociolóxicas do jazz, a música urbana (pop e rock) e o flamenco.
- AM2B11.1.3. Investiga sobre os/as principais compositores/as, cantantes e/ou grupos destes xéneros de música
- AM2B11.1.4. Distingue as achegas e as influencias duns xéneros noutros.

Bloque 12. As músicas non occidentais

- AM2B12.1.1. Detecta as peculiaridades do tempo, o ritmo, os sistemas de afinación, as escalas e os modos da música non occidental.
- AM2B12.1.2. Avisa interese polas características sonoras peculiares propias da música doutras culturas.
- AM2B12.2.1. Percibe características sonoras propias da música non occidental en autores/as occidentais.

Temporalización

- 1ª avaliación: bloques 1, 2, 3 e 4.
- 2ª avaliación: bloques 5, 6, 7 e 8.
- 3ª avaliación: bloques 9, 10, 11 e 12.

Procedementos de avaliación.

- Exercicios de linguaxe musical no aula e tarefas para facer na casa que serán avaliábeis.
- Cuaderno de traballo do alumno.
- Utilización das T.I.C.
- Exposicións orais.
- Traballos individuais e/ ou en grupo.
- Resolución de cuestións sobre as audicións traballadas ao longo do curso.

Instrumentos de avaliación:

- **Proba escrita: 60 %.** Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- **Participación, traballo de clase/casa: 40%.** Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo. O alumno realizará ó longo do curso actividades de aprendizaxe dirixidas no aula tales como análise de partituras ou comentario de audicións e/ou textos nas que se traballen os contidos de cada avaliación.

Cualificación final: Para a superación óptima da materia é necesario participar cunha actitude positiva nas actividades de aprendizaxe dirixidas no aula, así como aprobar cada unha das probas obxectivas independentemente cunha cualificación mínima de 5 en todas elas; sen que ningunha delas sexa excluínte. O alumno pode obter unha cualificación de 0 a 10 en cada trimestre. Non se fará media ponderada a final de curso si a cualificación de algún dos trimestres é inferior a catro puntos. O alumno aprobará o curso se obtén unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Recuperación de avaliacións suspensas: Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación presentándose a un exame final en xuño, tendo a proba características similares ás realizadas en cada trimestre.

Probas extraordinarias: Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras a avaliación ordinaria, deberán presentarse ás probas finais extraordinarias que terán lugar no mes de xuño para a realización tan só dun exame escrito o cal incluíría todo o traballado durante os tres trimestres. O exame tería similares características aos

realizados durante o curso. Trátase dunha proba teórica dividida en dúas partes, na primeira terán que contestar a unhas cuestións de linguaxe musical relativas a unha partitura traballada na aula durante o curso e na segunda parte, contestarán unhas preguntas sobre a forma musical/formas históricas. Para superar a materia será preciso obter un 5 no exame.

2.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Esta metodoloxía cooperativa permite ao alumnado sentirse activo, formar parte de un equipo e ter unha escola inclusiva en non selectiva. Por exemplo, se un alumno estuda unha obra no conservatorio como “Variación sobre un tema de Paganini” para violoncello, o día que explicamos a técnica da variación, o alumno préstase a interpretar a obra no aula.

Propóñense as seguintes orientacións didácticas para desenvolver o currículo desta materia:

- Promover a unidade de teoría e práctica.
- Promover a participación activa do alumnado na aula nun ambiente de intercambio, colaboración e interacción.
- Fomentar a creatividade do alumnado.
- Potenciar a socialización, ademais de favorecer as relacións no grupo e o traballo de equipo.
- Facilitar o contacto co exterior, asistencia a audicións, concertos e espectáculos de danza, entre outros.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado e desenvolver os contidos de forma estruturada e coherente, de maneira que a posibilidade de construír novas aprendizaxes repouse no xa aprendido.
- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a motivación que sente de forma natural ante o fenómeno musical. Potenciaranse moi especialmente as posibilidades de comunicación a través do interese que posúe ante o feito musical, natural no ser humano, traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.
- Fomentar a participación do alumnado na realización de traballos de investigación sobre autores e obras representativas dun estilo compositivo determinado.
- Potenciar a utilización das TIC que estean ao seu alcance, tanto con fins educativos como para o seu tempo de lecer. Igualmente, fomentárase a lectura e análise de diferentes fontes documentais, tanto en formato impreso como en soporte electrónico multimedia.

2.5. Materiais e recursos didácticos.

No presente curso non hai libro de texto. Non atopamos ningún libro de texto impreso polo que os alumnos collen apuntes ou ben consultan algunhas das unidades didácticas creadas pola profesora que están na aula virtual, recursos tics das distintas comunidades autónomas ou materiais elaborados por outros docentes na web.

O curso creado na A.V. é Análise Musical II_Soledad Estévez_21_22 :

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual/course/view.php?id=1656>

Alí atópanse todos os contidos e as tarefas a realizar polo alumnado. Na A. V. publícase a tarefa coa súa introdución, explicación/demostración e instrucións claras sobre o que se espera e forma de avaliación. En todo momento o papel do docente é asesorar e guiar ó

alumnado.

Ademáis, outros materiais moi útiles no departamento de música inclúen:

- instrumental ORFF, guitarra e teclado clavinova. Ademáis dos instrumentos proporcionados polos alumnos que estudan no conservatorio. Por exemplo, se un alumno estuda unha obra no conservatorio como “Variación sobre un tema de Paganini” para violoncello, o día que explicamos a técnica da variación, o alumno préstase a interpretala no aula.
- un ordenador portátil, con reproductor e grabador de DVD, e diverso software libre de edición, grabación e reprodución de música e vídeo.
- un proxector e unha pantalla

2.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

No apartado 1.2.1. da programación, “ Contribución ao desenvolvemento das competencias clave”, traballamos os criterios de avaliación e elaboramos as rúbricas necesarias para avaliar os estándares de aprendizaxe xa que estamos a avaliar por competencias .

Tamén, no apartado 1.2.3. “Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....” indicamos os procedementos e instrumentos de avaliación.

2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino é necesario que nas reunións do Departamento analicemos se os estándares de aprendizaxe se axustan á temporalización prevista ou non. Por tanto, farase un seguimento da programación e ao remate do curso poderemos ter unha visión global da efectividade da programación e procederase a axustala convenientemente para o seguinte curso, no caso de que sexa conveniente.

2.8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Grao mínimo a acadar os Estándares de Aprendizaxe

Serán os mesmos da programación do curso axeitados a realidade persoal do alumnado pendente

Programa de Reforzo para a recuperación de Análise Musical para alumnos coa materia pendente

Os alumnos con Análise Musical I pendente terán un seguimento ó longo do curso por parte do profesorado adscrito ó departamento, tanto respecto as dúbidas que lles podan xurdír coma á presentación de actividades, traballos a realizar, etc. Normalmente farase un seguimento en réximen de tutoría mensual donde se lles facilitarán actividades, exercicios e traballos que poderán entregar para a súa corrección no mes seguinte. Neste curso 2021-2022 soamente hai un alumno coa materia Análise Musical I pendente, xa que mudou de optativa e non se presentou á proba de acreditación.

Avaliación dos alumnos con Análise Musical pendente

O exame dos alumnos pendentes constará de tres probas, unha en xaneiro, outra a finais de abril e a avaliación ordinaria terá lugar no mes de maio, entre as que se dividirán os

contidos da asignatura, lóxicamente referidas ó programa oficial que se cita na programación e que serán calificadas de un a dez. Se un alumno non superase a cualificación de apto no primeiro exame, poderá engadirse no segundo algunha cuestión da primeira parte, que favoreza así a súa recuperación.

A estas probas se lles engadirá a elaboración de traballos prácticos sobre aspectos concretos do mesmo programa e que completen a súa avaliación. Serán entregados os alumnos antes dos exames polos profesores do seu grupo. Estes traballos pederán aumentar a nota ata un máximo de dous puntos.

Os exames serán calificados polos membros do departamento e os alumnos poderán ver o(s) exercicio(s) unha vez correxidos.

2.9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

No Real Decreto 86/2015 expoñen que “ La superación de materias de 2º curso que se indican en el anexo III estará condicionada a la superación de las correspondientes de 1º, indicadas en dicho anexo por continuidad. No obstante, el alumno podrá matricularse de la materia de segundo curso sin haber cursado la correspondiente materia de primer curso siempre que el profesorado que la imparta considere que el alumno o alumna reúne las condiciones necesarias para poder seguir con aprovechamiento la materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar la materia de primer curso, que tendrá consideración de materia pendiente, si bien no será computable a efectos de modificar las condiciones en las que se ha promocionado a segundo”.

A consideración de aptitude do alumno para cursar Análise Musical II, no caso anteriormente citado, será avaliada polo Departamento cunha proba o exame que terá lugar no mes de setembro, antes do comezo do curso. Como non hai libro de texto, os contidos a avaliar están no Aula Virtual do Centro.

O alumnado ten que acceder ao curso Análise Musical I:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual/course/view.php?id=603>

Os contidos a avaliar son os seguintes:

- **Iniciación aos elementos analíticos.**

Tema 4: repaso Lenguaje Musical.

Tema 5: Melodía.

Tema 6: Armonía.

Tema 7: Textura.

- **La forma musical. Las formas históricas.**

Tema 8: principios generadores de la forma musical. A Forma Musical.

Tema 9: Prezi sobre las Formas Musicales Mayores/apuntes Formas Mayores.

2.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A realización da avaliación inicial, terá lugar nas primeiras semanas de clase e consistirá nunha proba escrita que xirará ao redor do análise dunha partitura, facendo especial incidencia nos conceptos básicos da linguaxe musical (melodía, ritmo, armonía, textura, forma, xénero, estilo) que o alumno ten que dominar para conquistar as competencias necesarias para poder afrontar os estándares de aprendizaxe do curso, fundamentados

no análisis histórico-musicológico.

Se observamos que os alumnos non teñen estes conceptos afianzados, o que faremos será un repaso de todo o Linguaxe Musical antes de afrontar os novos contidos da materia.

2.11. Medidas de atención a diversidade.

Como tódolos anos, en colaboración co Departamento de Orientación, levaremos a cabo as medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este ano contamos cun alumno que presenta TDA , comórbida, dificultades na área da linguaxe (expresiva-comprensiva) e retraso escolar(2 anos). A afición e interese do alumno pola materia de música e a súa boa actitude axúdalle a superar as súas dificultades. De tódolos xeitos, cada clase se lle pregunta polos conceptos clave e se vixila a estruturación conceptual dos seus apuntes e traballos. Valoración persoal e pública positiva do seu esforzo e traballo.

2.12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

O Departamento de Música non ten coñecemento do elemento transversal que se vai traballar de forma coordinada no curso 2020/21 nos cursos de 1º e 2º de bacharelato.

2.13. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

No curso 2021-2022 non hai actividades complementarias e extraescolares programadas como consecuencia da pandemia causada polo Covid-19.

2.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para poder avaliar a programación didáctica en relación cos resultados académicos, no primeiro lugar, teremos que esperar ata o final de curso, estudar os resultados académicos acadados polos nosos alumnos, despois analizaremos as causas deses resultados, e finalmente as medidas que tomamos para mellorar eses resultados.

3. Medidas educativas no contexto da Covid 19.

O presente curso 2021-22, manteranse as medidas implementadas no curso 2020-21 (especificadas nas instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación) debido á situación xerada pola irrupción da pandemia do COVID-19.

Igual que no curso 2020-21 promoverase o emprego xeralizado da Aula Virtual durante todo o curso.

Con casi a totalidade da poboación vacinada, incluídos os alumnos da ESO e Bacharelato, este curso volveremos á normalidade, as clases presenciais. De todos modos, a continuación presentamos os tres posibles escenarios nos que si as cousas se torcen, teremos que desenvolver o noso labor docente:

1) Modalidade presencial. Síguese a programación ordinaria sen alteracións en canto a criterios de avaliación, estándares, temporalización e mínimos, se ben se adaptarán ás especiais circunstancias os contidos, os procedementos e os instrumentos de avaliación. Os contidos non se reducen pero si que se modificará a profundidade e amplitude coa

que se imparten habitualmente, que será menor. No tocante a procedementos e instrumentos de avaliación se suprimen para este curso todos aqueles que impliquen o contacto físico entre alumnos, tales como moitos dos experimentos, actividades e traballos en grupo que se viñan facendo. Aqueles que se poidan adaptar mediante medios informáticos pódense conservar. Os que non sexa o caso, se suprimen directamente e substitúen por outros máis axeitados ás actuais circunstancias.

2) Modalidade a distancia. 1) Darase soporte ós alumnos ó través de: •a Aula Virtual/Edixgal como guía e principal referencia para o desenvolvemento do curso. Aquí se ira reflexando o avance na materia, as tarefas propostase as diferentes ferramentas que se poñen a disposición dos alumnos para a preparación da materia: •clases vía Webex ou plataformas semellantes para a explicación de contidos •videos para reforzo destes contidos e consulta e revisión de conceptos. •consultas e dúbidas a través das videoconferencias Webex, correo electrónico e foros da Aula Virtual. •traballos e tarefas a distancia mediante ferramentas TIC. 2) A programación tamén se adapta a estas circunstancias de xeito que os procedementos e instrumentos de avaliación que se utilizarán serán todos adaptados ós medios dixitais e a distancia. Os contidos se simplifican para centrarse na adquisición dos principais conceptos, pero non se suprime ningún. Criterios de avaliación, estándares, temporalización e mínimos se manteñen inalterados, salvo que no transcorrer do curso se detecte a necesidade de cambialos.

3) Modalidade semi-presencial. Será unha combinación das dúas modalidades anteriores. Os medios TIC cobran especial protagonismo dependendo de cal sexa a parte presencial e cal sexa a distancia. Volvemos a recalcar que contidos, criterios, estándares, temporalización e mínimos se manteñen, coas salvedades antes mencionadas. E se produce un cambio nos procedementos e instrumentos para adaptalos á non presencialidade dos alumnos e, de ser o caso, á imposibilidade de contacto físico entre eles. Non se prevén reforzos dos contidos de cursos pasados xa que as materias non teñen continuidade dun curso para outro e ningunha precisa ser cursada previamente para acceder ás de cursos superiores. De todas maneiras, coma na ESO non se cursa a materia de música ata 2º, na programación didáctica non temos que incluír os aprendizaxes imprescindibles que non se impartiron como consecuencia do confinamento.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Pontevedra, 29 de setembro de 2021

Dña. Soledad M.^a Estévez Vila D. Fernando Olbés Durán